Exercicio Unidade 8 - Debilidade e fragmentación do desenvolvemento industrial. Modernización dos transportes: o ferrocarril

1. Comentario do seguinte documento

VANTAXES E INCONVENIENTES DO PROTECCIONISMO
O proteccionismo é unha política económica adecuada para unha economía que está en proceso de cambio e de crecemento. Unha economía, como a española no inicio do século XX, que está a se transformar a unha economía plenamente industrial e non pode competir coas economías dos países veciños, é dicir, para unha economía que se está industrializando é necesario que o estado protexa mediante aranceis, continxentes e leis fiscais a economía interna. Pero esta protección tamén leva carrexadas as súas **consecuencias negativas**, xa que non facilita nin a modernización, nin a competitividade. En España os prexuízos desta política proteccionista foron moi importantes; **prexudicaron a competitividade da industria española**, non estimulando a súa modernización e fixesen que o mercado español pagase eses produtos 2 ó 3 veces máis caros que no resto de Europa, co que **prexudicou o aforro e a acumulación de capital**. Ademais **foi unha das causas da radicalización do movemento obreiro.**

Terás que ter en conta os pasos que xa coñeces para abordalo comentario:
1. Introdución de presentación do documento en relación coas circunstancias históricas de que falan os documentos; é dicir que contextualices históricamente o documento
2. Análise dos contidos seleccionando as ideas máis importantes e establecendo unha xerarquía de ideas principais e secundarias.
3. Conclusión obxectiva global

2. Comentario do seguinte documento e da fotografía



***Fábricas de conservas;* Sarabia** «A salga e máis tarde a conserva foron a actividade por excelencia das mulleres da costa galega. Espichadoras e estibadoras traballaban en arcaicas fabricuchas insalubres, entre o cheiro e a humidade da salmoira e da madeira do taller de ebanistería, pechadas, da mañá á noite, detrás dos portalóns pintados cunha mestura de almagre e graxa de sardiña.

De aí saía toda liñaxe de peixe que en pataches, bergantíns ou trincados, tomaban rumbo a Italia, Francia ou Inglaterra. Arenques e sardiñas preparadas por estas mulleres chegaron durante a Primeira Guerra Mundial ás frontes do Marne, en caixas e barricas.» *G. Allegue, "Galicia. O oficio de vivir: o mar"*

1. Introdución de presentación do documento en relación coas circunstancias históricas de que falan os documentos; é dicir que contextualices históricamente o documento. Fíxate ben na fotografía e saca as túas propias conclusións dentro do contexto.

2. Análise dos contidos seleccionando as ideas máis importantes e establecendo unha xerarquía de ideas principais e secundarias. Que papel cres que tiveron as mulleres no mundo dos “novos sectores inustriais en Galicia”, e por que só traballaban mulleres? Quer era capataz? Cobraban o mesmo? Crés que hoxe en día pasa o mesmo? Arguméntao.
3. Conclusión obxectiva global